

### 1. INTRODUCCIÓN

O Val das Mouras, tamén coñecido como Os Entaladoiros, é un espazo único situado entre as aldeas de Mercurín e Ferrería Vella, no municipio de Folgoso do Courel. Trátase dun labirinto kárstico formado polo colapso dun antigo sistema de covas e galerías, que comezaron a medrar no período cámbrico do Paleozoico dentro dos estratos calcáreos (Pérez Alberti, A. e Otero Pérez, X.L.; 2024).

As galerías daquelas antigas covas son hoxe os sendeiros de manexo do souto de castiñeiros, un hábitat de interese comunitario 9260 (Bosques de Castanea sativa) dentro da ZEC Os Ancares - O Courel (ES1120001) da Rede Natura 2000. Durante centos de anos, este territorio foi percorrido por sendeiros tradicionais para a apaña da castaña, pero o despoboamento e o avellentamento da poboación deixaron estas sendas intransitables e o souto nun estado de total abandono.

O incendio do 2022, que queimou aproximadamente a metade do Courel, demostrou que os soutos coidados e rozados actúan como cortalumes naturais, mentres que os soutos abandonados, cheos de biomasa seca e matogueira, convértense en focos de propagación imparables.

### 2. PROBLEMA E HIPÓTESE

#### 2.1. Problema identificado

Durante as visitas iniciais ao Val das Mouras observáronse os seguintes problemas:

- Abandono total das sendas tradicionais, invadidas por madeira caída, matogueiras e silveiras.
- Risco de incendios pola acumulación de biomasa seca e leña espallada polo sotobosque.
- Turismo desordenado: os visitantes deambulaban polo espazo sen coñecer as sendas tradicionais.
- Deterioro do patrimonio: o panel informativo do Xeoparque UNESCO Montañas do Courel estaba danado pola caída dunha árbore.

#### 2.2. Hipótese

Se recuperamos e sinalizamos os sendeiros tradicionais do Val das Mouras, entón melloraremos o acceso seguro ao espazo, reduciremos o risco de incendios e facilitaremos o coñecemento do seu patrimonio xeolóxico e cultural.

### 3. OBXECTIVOS

#### 3.1. Obxectivo xeral

Recuperar e sinalizar o sendeiro tradicional do Val das Mouras / Os Entaladoiros para facelo transitable, seguro e accesible á comunidade como recurso didáctico e turístico.

#### 3.2. Obxectivos específicos

- Diseñar e sinalizar un percorrido circular de 1 km polo labirinto kárstico.
- Limpar de biomasa seca e matogueira o camiño, reducindo o risco de incendios forestais.
- Podar castiñeiros e retirar madeira caída que impedía o tránsito.
- Crear un roteiro didáctico que amose as formacións kársticas e o patrimonio cultural do souto.

## Recuperación Val das Mouras

- Conservar e difundir o patrimonio xeolóxico e etnográfico da zona a través de recursos dixitais.

### 4. MATERIAL E MÉTODOS

#### 4.1. Zona de estudo

O Val das Mouras / Os Entaladoiros sitúase entre as aldeas de Mercurín e Ferrería Vella (Folgozo do Courel, Lugo). O itinerario discorre entre as faixas secundarias de xestión de biomasa da Ferrería Vella e Mercurín, conforme á Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

#### 4.2. Materiais empregados

##### Materiais físicos

Madeira de castiñeiro (doadada por veciños)

Caliza natural do entorno kárstico

Ferramentas de desbroce (rozadoiras, motoserra)

Ferramentas manuais (fouces, gadañas)

Material de gravado para a sinalización

##### Ferramentas dixitais

Aplicación Wikiloc para o trazado do roteiro

Google Sites para a páxina web

Cámara fotográfica para documentación

GPS para xeolocalización dos puntos de interese

#### 4.3. Procedemento por fases

O proxecto desenvolveuse ao longo dos tres trimestres do curso 2024-2025:

1º Trimestre:

Visitas de campo co alumnado e profesorado. Contacto coa Asociación de Veciños dos Entaladoiros e a Comunidade de Montes. Asesoramento científico con Augusto Pérez Alberti (USC) e Roi Sampedro (Xeoparque). Deseño do percorrido circular.

2º Trimestre:

Reunión oficial con Concello e Xeoparque (1 de febreiro de 2025). Colaboración do Distrito Forestal de Lemos para o corte de madeira e desbroce. Fabricación de sinais en madeira de castiñeiro na materia de Tecnoloxía. Obtención de autorización da Consellería de Medio Ambiente.

3º Trimestre:

Sinalización in situ mediante gravados en troncos caídos e recheo con caliza natural. Retirada de madeira do sendeiro e acumulación en pilas. Instalación do indicador de inicio do roteiro (madeira de castiñeiro, veciños de Ferreirós de Abaixo). Creación da páxina web e trazado do roteiro en Wikiloc. Xornadas de voluntariado con asociacións da contorna. Difusión na comunidade educativa e medios de comunicación.

#### 4.4. Colaboracións institucionais

O proxecto contou coa participación de 5 entidades: Xeoparque UNESCO Montañas do Courel, Concello de Folgozo do Courel, Distrito Forestal da comarca de Lemos, Asociación de Veciños dos Entaladoiros, Asociación de Desenvolvemento Rural da Serra do Courel.

### 5. RESULTADOS

Tras a intervención, obtivéronse os seguintes resultados concretos e verificables:

- 1 km de sendeiro circular acondicionado e transitable entre Mercurín e Ferrería Vella.
- Sistema de sinalización sostible: frechas e indicadores gravados en troncos caídos con recheo de caliza natural, evitando introducir materiais alleos ao entorno.
- Indicador de inicio do roteiro en madeira de castiñeiro, instalado co apoio do Concello.
- Prevención de incendios: retirada de biomasa seca e acumulación en pilas ordenadas ao longo do percorrido.
- Páxina web educativa con roteiro didáctico sobre as formacións kársticas: <https://sites.google.com/colexiocourel.com/valdasmouras>
- Track en Wikiloc con puntos de interese xeolóxico e cultural xeolocalizados.
- Compromiso do Xeoparque de reparar o panel informativo danado existente na zona.
- Compromiso do Concello de Folgoso do Courel para o mantemento continuado do roteiro.

### 6. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Os resultados obtidos confirman a hipótese de partida: a recuperación e sinalización do sendeiro tradicional do Val das Mouras permitiu converter un espazo abandonado e con risco de incendios nun recurso educativo e turístico accesible.

Ademais, o proxecto pon de manifesto varias conclusións de interese:

1. A acción educativa desde o centro escolar pode xerar un impacto real e medible no territorio rural, mesmo dentro dunha área protexida da Rede Natura 2000.
2. O uso de materiais autóctonos —caliza e madeira de castiñeiro do propio entorno— garante unha intervención respectuosa co ecosistema kárstico.
3. A coordinación multiinstitucional (escola, concello, xeoparque, distrito forestal, veciñanza) é un modelo replicable para outros proxectos de recuperación de patrimonio natural en contextos rurais.
4. O souto coidado e rozado actúa como cortalumes natural, como demostrou o incendio do Courel en 2022. A recuperación deste espazo contribúe directamente á prevención de incendios forestais.
5. A metodoloxía Aprendizaxe-Servizo (ApS) demostra ser especialmente axeitada para proxectos desta natureza: o alumnado aprende ciencias, tecnoloxía e cidadanía a través dunha intervención real con impacto social.

### 7. BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS

Pérez Alberti, A. e Otero Pérez, X.L. (2024). Estudo xeomorfolóxico do Val das Mouras / Os Entaladoiros. Universidade de Santiago de Compostela.

IBADER (2008). Fichas descritivas. Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Hábitat 9260 Bosques de Castanea sativa. Universidade de Santiago de Compostela.

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. DOG núm. 74, 17/04/2007.

Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Páxina web do proxecto: <https://sites.google.com/colexiocourel.com/valdasmouras/inicio>